

Vilarmaior suma un petróglifo singular

O Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos documenta outros 22 gravados de arte rupestre no concello, e un deles é o primeiro no que se atopa representación animal, un cuadrúpede, do que aínda se investiga a que especie representa

[DOLORES VÁZQUEZ] Dende que en 1999 se localizaran sete paneis de gravados rupestres en San Xurxo de Torres, en Vilarmaior, o concello pasou a ser considerado un referente dentro da arte rupestre galega e pese ao moito andado dende aquela segue desvelando novidades singulares.



Detrás dese traballo de campo está o Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, nado en Ferrol en 1991 e que ten como fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico. O traballo voluntario e exhaustivo deste grupo de doce persoas permitiu localizar ate o momento 142 gravados, dos que teñen publicados 120. Danos a coñecer a través do *Anuario Brigantino*, unha publicación que permite divulgar os seus traballos e onde teñen pendente de publicar 22 máis en 2021.

Aínda que moitos citan Campo Lameiro como referente da arte rupestre en Galicia, os resultados obtidos en Vilarmaior cualifícanse de espectaculares pola súa densidade, xa que aparecen nunha extensión de só 2,5 quilómetros cadrados.

Alberto López, que recoñece que en Vilarmaior prodúcese «un continuo goteo», relata que comezaron atopando simboloxía xeométrica, para despois descubrir catro figuras antropomórficas, máis non aparecían ar-



Un dos petróglifos que se poden atopar nas rutas sinalizadas en Vilarmaior. [TONI SILVA]



Alguns dos gravados publicados no «Anuario Brigantino».

mas nin animais representados. A novidade, que avanzaron nun recente congreso de arte rupestre, é que agora deron con gravados nos que aparecen armas e nun «aparécenos un animal». «É moi singular e inusual totalmente», admite. «Entre Coirós e Ferrol temos 350 pedras con gravados e só apareceu nesa», indica López, remarcando o feito diferenciábel.

Dende o Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos van esperar a sacar a súa descuberta á luz, polo momento non queren que se publique. «Aínda o temos que estudar, non é un cervo seguro, aínda que as representacións máis características [na arte rupestre] son os cervos e os cabalos, e un

cabalo tampouco parece», resalta López, que avanza que agora se centran en intentar buscar paralelismos. Na mesma pedra aparece o cuadrúpede e unha alabarda, unha arma, e «posiblemente hai restos de dúas máis», puntualiza. Esta representación singular foi localizada a principios de ano, pero as restricións á mobilidade dificultou ao grupo o traballo de investigación, polo que optan por seguir coas pescudas para poder extraer algunha conclusión ao non tratarse dun dos animais de referencia na arte rupestre.

En canto á datación, López apunta que se catalogan na Idade de Bronce e puntualiza que, se ben as representacións de círculos concéntricos ou xeométricos

cos pode ser de calquera época, a representación das armas os sitúa entre o 1.500 e o 2.000 antes de Cristo.

Traballo de campo

O seu traballo até chegar a este tipo de descuberta foi sumando chanzos dende que en 1988 atoparon o primeiro petróglifo en Chamorro, Ferrol. Despois buscaron e localizaron gravados en Coirós e comprobaron que a veta de granito era a mesma. «En 2001 e 2002 atopamos uns 30 de golpe en Vilarmaior e decidimos concentrarnos nesa zona, centrámonos nun punto sobre o que partimos a investigación e foron aparecendo tamén en Monfero, Irixoa, Paderne, Coirós e Aranga», rememora, e tamén fixeron campañas en Arteixo e Pontedeume.

Chegados a este punto, con tal profusión de gravados en zonas como Vilarmaior, di que máis saber por que hai tantos alí corresponde a pregunta á contra, por que hai pedras que non teñen ningún.

A nova descuberta axudará a promover todo o aparecido até o momento en Vilarmaior, un labor no que tamén se implicou tanto o Concello como a Fundación Luís Monteagudo, os artífices no 2016 da posta en valor do atopado, e da sinalización das rutas, que permitiron tamén a organización de excursións.



CONCELLO DE
SOBRADO

www.sobrado.es

POR UN NADAL SEGURO,
FELICES FESTAS!



Lava as mans
con frecuencia



Mantén a distancia
de seguridade



Usa sempre
máscara